

## TEMA 9. DEMOCRACIAS E ASCENSO DOS TOTALITARISMOS

### Constitución da República de Weimar (1919)

Art. 1. O Reich alemán é unha república. O poder do Estado emana do pobo.

Art. 2. O territorio do Reich componse dos territorios dos *Länder*.

Art. 5. O poder é exercido, nos asuntos do Reich, polos órganos do Reich, conforme á constitución do Reich, e nos *Länder*, conforme ás constitucións dos Estados.

Art. 20. O Reichstag componse dos deputados do pobo alemán.

Art. 22. Os deputados son elixidos por sufraxio universal, igual, directo e segredo polos homes e as mulleres de máis de vinte anos.

Art. 42. O presidente do Reich é elixido pola totalidade do pobo alemán, mediante sufraxio universal.

Art. 52. O goberno componse de chanceler e dos ministros do Reich.

Art. 60. O Consello dos Estados constitúese para representar os Estados alemáns.

### Defensa da democracia

Tanto no interior como no exterior, o goberno non terá máis que un obxectivo: proporcionar a este país, no traballo e co progreso, a paz que mereceu. Non permitiremos que se recorten as vantaxes adquiridas polo mundo do traballo. Manteremos a lei de oito horas.

Pero o axente esencial da produción, obreiro ou campesiño, ten dereito a estar protexido contra o desemprego e a enfermidade, a vellez e a invalidez. Queremos levar adiante os seguros sociais. Non é posible concibir a liberación dos traballadores sen o desenvolvemento da instrución. Suprimiremos os decretos que tendan a privar da cultura aos nenos. Un réxime democrático debe ofrecer a orde e da boa administración.

HERRIOT, E., *Débats parlementaires. Chambre des députés*, Discurso presentando a política do novo goberno, 17 xuño 1924.

### Deficiencias dos sistemas democráticos

Contrariamente a unha opinión moi extendida, a crise da democracia parlamentaria non tivo a súa orixe na guerra do 14. Certamente a guerra non foi favorable para o réxime, aínda que exteriormente contribuíse a asegurar o seu triunfo sobre as monarquías de Europa central. Económica, política, militarmente, a dirección dunha guerra esixe o adormecemento das institucións parlamentarias, incapaces de garantir as condicións indispensables de rapidez, eficacia e segredo. Aínda máis profundamente, o concepto mesmo de guerra, que leva consigo a submisión do máis feble por medios de imposición, oponse aos principios propios da democracia parlamentaria, que garanten o respecto da minoría e a súa libre expresión.

O funcionamento regular do sistema parlamentario parece un elemento da “ante-guerra”, a crise da democracia un elemento da “posguerra”; en realidade, a crise comezara dende o principio do século, segundo se ía producindo a entrada das masas populares na vida política, que transformaba completamente a infraestrutura do réxime. Outros factores de crise engádense a este, xerais ou nacionais, pero respecto a aquel, a importancia dos demais aparece como secundaria.

DUVERGER, M., “La démocratie parlementaire”, *L'Europe du XIX et du XX siècle. Problèmes et interprétations historiques*, Milán, 1964.

## Primacía do Estado

Para o Fascismo o Estado é o absoluto e diante del os individuos e os grupos non son máis que o relativo. Todo no Estado, nada contra o Estado, nada fóra do Estado. O Liberalismo negaba o Estado a favor do individuo, o Fascismo reafirma o Estado como a verdadeira liberdade do individuo. Nós presentamos un principio novo no mundo, a antítese pura, categórica, definitiva da democracia, da plutocracia, da masonería: nunha palabra, de todo o mundo dos principios inmortais de 1789.

MUSSOLINI, B., *A doutrina do Fascismo*, Milán, 1932.

## Antiliberalismo

O Fascismo rexeita as ideoloxías democráticas, tanto nas súas premisas teóricas como nas súas aplicacións prácticas. O Fascismo nega que o número, polo único feito de ser número, poida dirixir a sociedade humana; nega que este número poida gobernar, por medio dunha consulta periódica; afirma a desigualdade irremediable, fecunda e benéfica dos homes, que non poden nivelarse, por un feito mecánico e extrínseco como o sufraxio universal.

O Fascismo rexeita, na democracia, a absurda mentira convencional da igualdade política, o espírito de irresponsabilidade colectiva e o mito da felicidade e do progreso indefinido. Pero, se a democracia pode ser interpretada de xeito diferente, é dicir, se a democracia significa non colocar ao pobo á marxe do Estado, o Fascismo pode ser definido porque escribe como democracia organizada, centralizada, autoritaria.

MUSSOLINI, B., *A doutrina do Fascismo*, 1932.

## Antiparlamentarismo

Somos un partido antiparlamentario que rexeitamos con bos fundamentos a Constitución de Weimar e as institucións republicanas por ela creadas; somos inimigos dunha democracia falsificada, que inclúe na mesma lista aos intelixentes e aos parvos, aos aplicados e aos preguiceiros; vemos no actual sistema de maioría de votos e na organizada irresponsabilidade a causa principal da nosa crecente ruína.

Que imos facer, daquela, no Reichstag?

Imos ao Reichstag para dotarnos de armas no mesmo arsenal da democracia. Facémonos deputados para enfebrece e eliminar a teoría de Weimar mesmo co seu apoio. Se a democracia é tan parva que nos facilita dietas e pases de libre circulación para este traballo é cosa súa. Tamén Mussolini foi ao Parlamento. E aínda así, non tardou moito en avanzar coas súas camisas negras sobre Roma.

GOEBBELS, J., “Declaracións”, *Der Angriff*, 30 abril 1928.

É perfectamente concibible que un Consello Nacional das Corporacións substitúa na súa totalidade a actual Cámara de Deputados, que nunca foi do meu gusto. É anacrónica incluso na súa mesma denominación; pero é unha institución que xa existía cando nós entramos, co seu carácter alleo á nosa mentalidade e á nosa paixón de fascistas. Esa Cámara presupón un mundo que nós xa demolemos; presupón a existencia de diferentes partidos políticos e, a miúdo, unha inxuria ao espírito de traballo. Desde o día en que suprimimos a pluralidade de partidos, a Cámara de deputados perdeu a súa razón de ser.

MUSSOLINI, B., *Discurso*, 14 novembro 1933.

## O Estado racista

O fin supremo do Estado racista debe ser o asegurar a conservación dos representantes da raza primitiva, creadora da civilización superior que fai a beleza e o valor dunha humanidade superior.

O Estado racista cumprirá o seu papel supremo de formador e educador cando grave no corazón da xuventude que lle foi confiada o espírito e o sentimento da raza. É preciso que nin un só mozo ou moza poida deixar a escola sen estar plenamente instruído da pureza do sangue e da necesidade absoluta de mantela pura.

O Reich alemán, como Estado, ten que abarcar a todos os alemáns e impoñerse a misión, non só de cohesionar e de conservar as reservas máis prezadas de elementos raciais orixinarios deste pobo, senón tamén de conducilos, lenta e firmemente, a unha posición predominante.

A existencia de tipos humanos inferiores foi sempre unha condición previa esencial para a formación de civilizacións superiores.

O xudeu, no que concirne á civilización, contamina a arte e a literatura, envilece os sentimentos naturais, escurece os conceptos de beleza, de dignidade.

A política exterior do Estado racista ten que asegurarlle á raza que abarca ese Estado os medios de subsistencia, establecendo unha relación natural, vital e san, entre o aumento da súa poboación e a extensión e a calidade do solo que habita.

HITLER, A., *A miña loita*, 1925.

## Protagonismo das elites

As minorías fan a historia do mundo, toda vez que elas encarnan, na súa minoría numérica, unha maioría de vontade e de inteireza. Unha ideoloxía que, rexeitando o principio democrático da masa, aspira a consagrar este mundo a favor dos mellores pobos, é dicir, a favor do home superior, está obrigada lóxicamente a recoñecer tamén o precepto aristocrático da selección dentro de cada nación, garantindo así o goberno e a máxima influencia dos máis capacitados nos seus respectivos pobos. Esta concepción fundaméntase na idea da personalidade e non na da maioría.

HITLER, A., *A miña loita*, 1925.

## Dogmatismo, intolerancia e irracionalidade

O futuro dun movemento depende do fanatismo, se se quere da intolerancia coa que os seus adeptos sosteñan a súa causa como a única xusta e llela impoñan a outros movementos de índole semellante. A magnitude de toda organización poderosa, que encarna unha idea, estriba no relixioso fanatismo e na intolerancia con que esa organización, convencida intimamente da verdade da súa causa, se impón sobre outras correntes de opinión.

HITLER, A., *A miña loita*, 1925.

## O papel da muller no fascismo

A muller é por natureza e destino compañeira do home. Isto implica que os dous non son soamente compañeiros para toda a vida, senón tamén compañeiros de traballo. Pero máis imperioso que o traballo en común, é o deber do home e da muller de perpetuar o xénero humano. Sen deixar de concederlle á muller un amplo campo de actividade, non se deberá nunca perder de vista que o fin derradeiro dunha verdadeira evolución orgánica e lóxica é a formación dunha familia. A familia é a unidade máis pequena, pero tamén a máis importante de toda a estrutura dun Estado. O traballo honra á muller tanto como ao home. Pero o fillo ennobrece á nai.

HITLER, A., *O meu programa*, 1932.

O verdadeiro deber das mulleres para coa Patria é formar familias onde se fomente todo o tradicional. Así pois, xunto á educación deportiva e universitaria, irá esa outra que as prepare para que sexan o verdadeiro complemento do home. O que non faremos nunca é poñelas en competencia con eles, porque nunca chegarán a igualalos.

PRIMO DE RIVERA, P., *Discurso*, 15 xaneiro 1938.

### Importancia da propaganda

Pronto comprendín que o emprego correcto da propaganda constituía unha arte corrente, pero case descoñecida nos partidos burgueses. Toda propaganda debe ser popular, adaptando o seu nivel intelectual á capacidade receptiva do menos intelixente dos individuos á quen se dirixe. Desta sorte, o nivel mental será tanto menor canto maior sexa a multitude que se deba conquistar; a súa capacidade receptiva é sumamente limitada e a súa comprensión escasa; por outra parte, ten unha grande capacidade de esquecemento. Así as cousas, toda propaganda, para que sexa eficaz, debe limitarse a moi poucos puntos e presentalos en forma de grito de combate. O éxito débese á persistencia e asiduidade con que se empregue.

HITLER, A., *A miña loita*, 1925.

A radiodifusión é o medio máis moderno e eficaz de influír sobre as masas. Non o ocultamos en absoluto; a radio pertence a nós e unicamente a nós; poñeremos a radio ao servizo das nosas ideas e deste instrumento non ha saír palabra algunha que non responda aos nosos ideais. A radiodifusión deberá ter os mesmos obxectivos que o Goberno.

GOEBBELS, J.P., *Declaracións na radio*.

### Educación e control da sociedade

Da xuventude depende o porvir do pobo alemán. Por esta razón o goberno do Reich aprobou a seguinte lei:

1. Toda a xuventude alemana no interior do territorio do Reich queda agrupada no seo da *Hitlerjugend*.
2. Toda a xuventude alemana debe ser educada, ademais do que respecta á familia e á escola, no seo da xuventude hitleriana, e tanto no plano físico como intelectual ou moral, no espírito do Nacional-socialismo e polo servizo ao pobo e á comunidade nacional.

*Lei sobre a xuventude hitleriana*, 1 decembro 1936.

As *margaridas* de Tafalla prometen solemnemente ao Sagrado Corazón:

1. A modestia no vestir: manga longa, escote pechado, saia ata o nocello, traxe amplo.
2. Non ler novelas, periódicos nin revistas sen licencia eclesiástica.
3. Non ir ao cine e teatro sen contar coa censura de Acción Católica e non bailar, nin en público nin en privado, os bailes deste século e estudar e aprender os antigos non só de Navarra, senón de toda España.
4. Mentres dure a Guerra, non usar pinturas nin cosmético algún.

Viva Cristo Rei! Viva España!

FRASSER, *Recuérdalo tú y recuérdalo a otros*, Barcelona, 1979.

### Afinidades entre Nazismo e Fascismo

Fascismo e Nazismo son dúas manifestacións dese paralelismo de situacións históricas que acompañan ás nosas nacións, renacidas á unidade no mesmo século e coa mesma acción. Nazismo e Fascismo teñen en todas as partes os mesmos inimigos que serven ao mesmo amo:

a III Internacional; tamén teñen en común moitas concepcións da vida e da historia. Ambos cremos na vontade como forza que determina a vida dos pobos, como motor da súa historia, e por iso rexeitamos as teorías do materialismo histórico. Ambos exaltamos o traballo como símbolo de nobreza do home. Ambos contamos coa xuventude, á que mostramos as virtudes da disciplina, do valor, da tenacidade, do amor á patria, do desprezo pola vida cómoda.

En Alemaña e en Italia non existe ditadura, senón organización e forzas que serven ao pobo. Ningún réxime, en ningunha parte do mundo, goza do consenso que teñen os réximes de Alemaña e Italia: as máis grandes e auténticas democracias que existen actualmente no mundo son a italiana e a alemana.

MUSSOLINI, B., *Discurso*, 26 setembro 1937.

### **A violencia fascista**

En plena noite, cando a poboación honrada está na súa casa durmindo, os camións dos fascistas chegan ás pequenas aldeas situadas no medio do campo acompañados, como é lóxico, polos dirixentes agrarios locais e guiados por eles. Chegan ata unha das casas e óese a orde: “Rodeade a casa”. Son de vinte a cen homes armados. “Se non baixas, habemos de queimar a casa, coa túa muller e os teus fillos”. Entón o xefe da Liga baixa, ábrese a porta, cólleno, átano, súbeno ao camiión e fanlle pasar as máximas humillacións cando non fan a comedia de que o van fusilar ou colgar dunha árbore. Despois abandónano no medio do campo, espido e atado a un tronco. Cando o dirixente é un home enrabeado e non abre a porta ou usa armas para se defender, inmediatamente é asasinado nunha loita de cen contra un.

MATTEOTTI, G., *Discurso*, 10 marzo 1921.

### **O corporativismo**

1. A nación italiana é un organismo que posúe fins, vida, medios de acción superiores en potencia e duración aos individuos illados ou agrupados que a compoñen. É unha unidade moral, política e económica que se realiza integramente no Estado fascista.
2. Unicamente o sindicato legalmente recoñecido e sometido ao control do Estado ten o dereito de representar legalmente aos traballadores.
6. As Corporacións constitúen a organización unitaria da forza de produción e representan integramente os seus intereses e son recoñecidas como órganos do Estado. Poden ditar normas obrigatorias sobre a disciplina das relacións do traballo e tamén sobre a coordinación da produción.
7. O Estado corporativo considera a iniciativa privada no campo da produción como o máis eficaz e proveitoso instrumento para o interese da nación.
9. A intervención do Estado na produción económica ten lugar só cando falte ou sexa insuficiente a iniciativa privada ou cando estean en perigo os intereses políticos do Estado. Tal intervención pode asumir a forma de control, axuda e xestión directa.

*Carta do Traballo*, 21 abril 1927.

### **Os 25 Puntos**

1. Esiximos, baseándonos no dereito dos pobos a dispor de si mesmos, a reunión de todos os alemáns nunha grande Alemaña.
2. Esiximos para o pobo alemán a igualdade de dereitos coas outras nacións e a derogación do Tratado de Versalles e Saint-Germain.
3. Esiximos terras para alimentar ao noso pobo e para o establecemento do seu excedente demográfico.

4. Unicamente os cidadáns disfrutarán dos dereitos civís. Non pode ser cidadán máis que aquel que forma parte do pobo. Só pode formar parte do pobo aquel que ten sangue alemán, calquera que sexa a súa confesión. Polo tanto, ningún xudeu forma parte do pobo.

*Programa do DAP, 24 febreiro 1920.*

### **Supresión das garantías individuais en Alemaña**

Quedan abolidos ata nova orde os artigos 114, 115, 117, 118, 123, 124 e 153 da Constitución alemana. Por conseguinte, pódese coartar a liberdade persoal, o dereito de libre expresión do pensamento, incluída a liberdade de prensa, de reunión e de asociación; intervir as comunicacións postais, telefónicas e telegráficas; dispor rexistros domiciliarios e confiscacións, así como limitacións da propiedade, tamén máis aló dos límites fixados nestes artigos.

*Decreto do Reich, 28 febreiro 1933.*

### **Apoio do gran capital**

Ao principio, votamos polo Partido Populista, pero os conservadores non podían gobernar o país; eran demasiado débiles. Nesta loita implacable polo pan e o poder tiñamos necesidade de ser guiados por unha man vigorosa e firme como a de Hitler. Tras os anos transcorridos baixo o seu mandato, sentiámonos moito máis satisfeitos. Queríamos un sistema que funcionase ben e que nos proporcionase os medios para traballar tranquilamente. Dixeran que ignoraba en absoluto a exterminación dos xudeus e engadín: “Cando se recibe un bo cabalo, non se miran os defectos que poida ter”.

KRUPP, A., *Declaracións nos procesos de Nuremberg*, 1949.

### **Apoteose da guerra**

O Fascismo non cre na posibilidade nin na utilidade da paz perpetua. Por esta razón rexeita o pacifismo, que no fondo agacha a renuncia á loita e unha covardía diante do sacrificio. Unicamente a guerra leva ao seu punto máximo de tensión todas as enerxías humanas e imprime un selo de nobreza aos pobos que posúen a valentía de enfrontarse a ela. Por iso é allea ao Fascismo toda doutrina que estableza como postulado previo a paz.

MUSSOLINI, B., *A doutrina do Fascismo*, 1932.

### **Expansionismo**

Para o Fascismo, a tendencia ao imperio, é dicir, á expansión das nacións, é unha manifestación de vitalidade; o seu contrario, o espírito sedentario, é un signo de decadencia. Os pobos que nacen ou resucitan son imperialistas, os pobos que morren son renunciadores. Pero o imperio esixe disciplina, coordinación dos esforzos, deber e sacrificio e a severidade necesaria contra os que se empeñan en opoñerse a este movemento espontáneo e fatal da Italia do século XX. Neste momento, máis que nunca, os pobos teñen sede de autoridade, de dirección, de orde. Se cada século ten a súa doutrina, mil indicios demostran que a do século actual é a do Fascismo.

O Fascismo ten xa en todo o mundo a universalidade que posúan todas as doutrinas que, cando se realizan, representan unha época do espírito humano.

MUSSOLINI, B., *A doutrina do Fascismo*, 1932.

## O espazo vital

A posición económica de Alemaña esbozada moi brevemente é a seguinte:

1. Estamos superpoboados e non podemos alimentarnos cos nosos propios medios.
2. No que respecta á demanda de alimentos, esta non pode ser satisfeita desde o interior da economía alemana.
6. A solución reside nunha extensión do “espazo vital” (*Lebensraum*). Esta é a tarefa do mando político para resolver este problema.

Polo tanto establezo o seguinte programa para a solución definitiva á nosa crecente necesidade de sobrevivir:

- Alemaña debe ser levada politicamente e economicamente a un estado de autosuficiencia.
- O exército alemán debe estar preparado para loitar no prazo de catro anos.
- En catro anos a economía alemana debe estar en condicións de soportar a guerra.

HITLER, A., *Memorando secreto*, Agosto 1936.

## Xenocidio do pobo xudeu

O programa é claro: eliminación total, segregación completa. Que significa iso? Iso significa non só a eliminación dos xudeus da economía alemana, -eliminación que eles mereceron polas súas crueldades e polas súas incitacións ás guerras e ao asasinato- Isto significa moito máis! Non se pode consentir que o alemán viva baixo o mesmo teito cós xudeus, raza marcada de asasinados, de criminais, de inimigos mortais do pobo alemán.

Por conseguinte, os xudeus deben ser expulsados das nosas casas e dos nosos barrios e deben estar aloxados en rúas e casas onde estean xuntos e teñan o menor contacto posible cos alemáns. Cómpre estigmatizalos e quitarlles o dereito de posuír en Alemaña casas e inmobles, pois non é conveniente que un alemán dependa dun propietario xudeu e que o alimente co seu traballo. Unha vez que viva nun illamento completo, este pobo de parásitos empobrecerá, pois non pode nin quere traballar por sí mesmo. Caerán todos na criminalidade como consecuencia da propensión da súa raza. Pero que ninguén crea que neste caso observaremos nós tranquilamente tal evolución. O pobo alemán non ten ganas de tolerar no seu territorio a centos de milleiros de criminais que só mediante o crime queren asegurar a súa existencia. Menos aínda temos ganas de aturar a estes centos de milleiros de xudeus depravados, toba de bolxevismos e refuxio de criminais.

Se quixeramos tolerar semellante cousa, o resultado sería unha conxuración dos baixos fondos tal, que quizáis é posible en América, pero indubidablemente non en Alemaña. Se tal evolución se producise, encontrariámonos na necesidade de exterminar os baixos fondos da mesma maneira que temos o costume de exterminar aos criminais no noso Estado: mediante o lume e a espada. O resultado sería a desaparición efectiva e definitiva do xudaísmo en Alemaña, a súa destrución total.

*Das Schwarze Korps*, xornal nazi, 24 novembro 1938.